

Carta aos pais

Estimados pais,

Benvidos a *My Home Booklet*! Logo de completar cada unidade de **Kid's Box 3** no colexio, o voso fillo levará *My Home Booklet* a casa para ensinarvos o que estivo aprendendo.

Non fai falla que teñades un nivel alto de inglés para axudalo. O importante é que vos interesedes polo que fixo e apoiades cando sexa necesario. Facer isto beneficiará a súa aprendizaxe.

Cada unha das 9 unidades de *My Home Booklet* contén as seguintes actividades:

Coas **Actividades 1 e 2** practícanse os contidos máis relevantes do vocabulario e da gramática da unidade. É importante asegurarse de que o neno entenda o que ten que facer e animarlle a que faga a actividade de forma autónoma. A medida que vaia rematando as actividades, pedídlle que vos lea as respostas. Se vos dades decatades dalgún erro, non llo sinalades inmediatamente. A miúdo, ao ler as respostas en voz alta darase conta dos erros. Tamén podedes facerlle preguntas en inglés ou animalo que fale de se mesmo, cando sexa oportuno.

A **Actividade 3** ofrece un texto breve de lectura que utiliza a linguaxe aprendida na unidade e suscita unha sinxela tarefa de comprensión. Esta lectura servirá de modelo ao alumno para redactar o seu propio texto na seguinte actividade.

A **Actividade 4** é unha actividade de escritura. Co modelo da actividade 3 como referente, o alumno redactará un texto similar, utilizando parte da linguaxe aprendida na unidade. Animádeo a que pense ben antes de escribir ou pedídlle, quizais, que escriba un borrador do seu propio texto no seu caderno antes de pasalo a limpo en *My Home Booklet*.

Na **Actividade 5** atoparedes unha actividade de Autoavaliación. Pedídlle ao voso fillo que lea as frases de "I can ..." e pense se as afirmacións son verdadeiras, nese caso debería colorear a cariña que represente a súa capacidade para realizar cada tarefa.



Nota: As iconas que aparecen xunto ás cariñas en *Basic competences progress* na parte inferior da páxina indican as Competencias Básicas traballadas, segundo establece o Consello de Europa e o currículo de Educación Primaria.

- 1 Comunicación lingüística
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3 Competencia dixital
- 4 Aprender a aprender
- 5 Competencias sociais e cívicas
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- 7 Conciencia e expresións culturais

Para rematar, ao final do *My Home Booklet* hai un Picture dictionary, un dicionario en imaxes no que o teu fillo deberá traducir todo o vocabulario clave do curso á súa propia lingua. Ademais hai unha sección especial, chamada Spelling, que revisa e practica a ortografía dos sons que traballaron no Pupil's Book.

Esperamos que vos divirtades traballando xuntos con *My Home Booklet 3!*

O profesor / A profesora de inglés do voso fillo.

